

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **30 de decembro de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

7(1497).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA. EXPTE. 3468/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.12.15, dáse conta do informe-proposta do 30.12.15, do secretario da Mesa de Contratación que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 30 de decembro de 2015, acordou:

2.- Proposta de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marques de Valterra. (expediente 3468-440).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marques de Valterra. (expediente 3468-440).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, do 23 de decembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Dar conta a Xunta de Goberno das exclusións acordadas pola Mesa de contratación celebrada o 1 de decembro dos licitadores seguintes:

ALVAC, S.A. Por presentar a oferta fora do prazo previsto para a presentación de ofertas.

MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.: por non declarar a solvencia técnica esixida para participar na licitación.

CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.: por non declarar a solvencia técnica esixida para participar na licitación.

PETROLAM A VEIGA S.L.U.: por non declarar a solvencia técnica esixida para participar na licitación.

Segundo: Considerar ofertas con valores anormais ou desproporcionados, e polo tanto excluír do procedemento as presentadas polos seguintes licitadores.:

ORES A SL
CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL
COPCISA, S.A.
NAROM, S.L.
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marques de Valterra. (expediente 3468-440) " no seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	95,49
	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S .A.	93,45
	CIVIS GLOBAL	93,06
	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS S.A.	90,74
	CONSTRUCCIONES RAMIREZ SL	89,96
	ORECO SA	88,58
	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	88,54
	EMERGIS CONSTRUCCION, S.L.	85,47
	ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL	85,04
	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	81,76

Cuarto- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 643,30 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, Xestion Ambiental de Contratas, S.L., o día 23 de decembro de 2015, que presenta a documentación requirida en data 28 de decembro, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 30 de decembro de 2015 esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de

adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por Xestion Ambiental de Contratas, S.L.,

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a Xestion Ambiental de Contratas, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marques de Valterra. (expediente 3468-440), por un prezo de 181.249 euros e un incremento do prazo de garantía de 120 meses. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a catorce de xaneiro do ano dous mil dezaseis.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.